

A comunicación

Nome _____

Data _____

Lembra

As persoas necesitamos **comunicarnos** para facer saber aos outros o que pensamos, o que queremos ou o que sentimos.

Os seres humanos comunicámonos, sobre todo, a través da **linguaxe**. Pero tamén hai outras formas de comunicación: os xestos, os sons e as imaxes.

1 Arrodea da cor indicada os debuxos segundo o tipo de comunicación que se usa.

Vermello coa linguaxe

Azul con xestos

Amarelo con sons



2 Explica o que significan estes xestos ou imaxes.



O son K

Nome _____

Data _____


REFORZO

Lembra

Para representar o son **k** de *casa* escíbese **c** ou **qu**.

- Escíbese **c** diante de **a, o, u**.
- Escíbese **qu** diante de **e, i**.

1 Arrodea da cor que corresponda e escribe o nome debaixo.

azul: c				
verde: qu				
	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____

2 Completa os ocos deste texto con **c** ou **qu**.

O aniversario de Henriqueta

Henri___eta ___onvidou moitos ___ativos e ___ativas
 ao seu aniversario. A ___asa estaba chea de globos
 de ___ores, e había músi___a para ___antar
 e bailar, e bo___adillos e refres___os para merendar.
 ___e bo! Todos o pasaban de ___ategoría e, antes
 de despedirse, os rapaces entregáronlle un pa___ete.
 ___e alegría! Era o ___oche teledirixido ___e ela ___ería!



A saúde

Nome _____


Data _____

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

xarope
xiringa

vendar
curar

médica
enfermeiro



Nome _____ Data _____

Lembra

Cando falamos e escribimos empregamos unha **lingua** concreta.

No mundo hai moitas linguas ou idiomas diferentes. Para que dúas persoas se entendan cómpre que as dúas coñezan a lingua que falan.

1 Le e di en que lingua falan.

2 Contesta.

- Que linguas falas? _____
- Ademais do galego e do castelán, hai algún compañeiro da clase que fale outra lingua? Cales? _____

3 Escribe o nome de todas as linguas que coñeces, á parte do galego e do castelán.

- Fálanse en España: _____
 - Fálanse no resto do mundo: _____
- _____
- _____

O son G. A diérese


Nome _____ Data _____

Lembra

Para representar o son **g** de *gato*:

- Escríbese **g** diante de **a, o, u**; e escríbese **gu** diante de **e, i**.
- Escríbese diérese (¨) enriba do **u** dos grupos **güe, güi** para indicar que o **u** se pronuncia.

1 Localiza as palabras representadas na sopa de letras.



2 Escribe unha oración con cada palabra. Ten en conta que tes que escribir diérese.

piragüista

lingüista

ungüento

lingüeta

- _____
- _____
- _____
- _____

O restaurante

Nome _____

Data _____


REFORZO

1 **Escrebe onde corresponda seguindo o código.**

cociñeiro
camareiro

pagar
comer

bandexa
pano de mesa



Oracións e palabras

Nome _____

Data _____

REFORZO

Lembra

As **oracións** son mensaxes que expresan as nosas ideas e os nosos sentimentos.

As oracións están formadas por **palabras** colocadas nunha orde determinada.

1 Risca as mensaxes que non sexan oracións.

Vés xogar á corda?

Verán calor fai praia.

Os zapatos novos máncanme.

Xamón talladas e pan.

2 Ordena as palabras dos trens e escribe as oracións que formas.







3 Escribe dúas oracións sobre este debuxo.



O son Z

Nome _____

Data _____

REFORZO

Lembra

Para representar o son **z** de *cen* escíbese **c** ou **z**.

- Escíbese **z** diante de **a, o, u**.
- Escíbese **c** diante de **e, i**.

1 Arrodea da cor que corresponda e escribe o nome debaixo.

azul: **c**



verde: **z**



2 Completa os ocos deste texto con c ou z.

- O ouri___o e o ___ervo comían ___ereixas e a abella ___ugaba nunha flor.
- Ne ___esito ___inco pin___as para colgar a roupa de Gon___alo.
- Onte vimos ___ebras no ___oo e mañá veremos os pallasos e o for___udo no ___irco.

3 Copia as palabras da actividade anterior onde corresponda.

Escíbense con **c**

Escíbense con **z**

Os sentidos

Nome _____

Data _____

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

probar tocar
ver oír

suave
ruidoso



Nome _____







Data _____


Lembra

Cando falamos pronunciamos **sons**. Os sons poden ser vogais ou consoantes.

Cando escribimos, representamos os sons con **letras**. O conxunto de letras dunha lingua é o abecedario ou alfabeto. O abecedario galego ten 23 letras: 5 vogais e 18 consoantes.

Algúns sons represéntanse por medio de **dígrafos**.

1 Escribe as vogais que falten nestes nomes de froitas.**2** Escribe as palabras representadas e arrodea de vermello os dígrafos que atopas.

3 Copia estas palabras en orde alfabética.

bicicleta

coche

avión

patinete

barco

tren

O son R

Nome _____

Data _____

Lembra

O son do **r suave** escíbese sempre con **r**.

O son do **r forte** pódese escribir con **r** ou con **rr**:

- Escíbese con **r** ao principio de palabra e despois de consoante.
- Escíbese con **rr** entre vogais.

1 Ordena as sílabas e forma palabras con *r*.



ra so po ▶ _____



ra más ca ▶ _____



dio ra ▶ _____



ta ra pi ▶ _____



pe ro xa ▶ _____



sa ro ▶ _____

2 Copia as palabras da actividade anterior en que o *r* soa suave.

3 Completa este trabalinguas con *r* ou *rr* e apréndeo.

Un ca____o ca____gado de ____ochas

co____ía polo ca____ei____o

e o ca____etei____o, ca____gado

de ____abia, co____ía det____ás.



4 Subliña as palabras do trabalinguas anterior que teñen *r* suave.

Os animais

Nome _____

Data _____


REFORZO

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

domésticos
salvaxes

ladrar
miañar

niño
tobo



Nome _____ Data _____

REFORZO

Lembra

As **sílabas** son os grupos de sons que se pronuncian xuntos en cada golpe de voz.

O **ditongo** é a unión de dúas vogais nunha mesma sílaba.

Segundo o número de sílabas que conteñen, as palabras poden ser **monosílabas**, **bisílabas**, **trisílabas** e **polisílabas**.

1 Cada símbolo representa sempre a mesma sílaba. Escribe as palabras completas.

trom❁ta	❁to	❁dra	car❁ta
◆leta	su◆	po◆da	ca◆

2 Clasifica as palabras anteriores.

Teñen dúas sílabas _____

Teñen tres sílabas _____

3 Localiza na sopa de letras seis palabras, escríbeas e arrodea nelas os ditongos.













B	O	I	N	A	O
R	I	P	A	U	I
E	X	R	E	I	T
O	U	R	I	Z	O
L	E	I	T	E	X

O punto

Nome _____

Data _____

REFORZO

Lembra

Cando escribimos poñemos un **punto** (.) ao final de cada oración.

Hai tres tipos de punto:

- O **punto e seguido** separa dúas oracións dun mesmo parágrafo.
- O **punto e á parte** separa dous parágrafos.
- O **punto final** escíbese ao final dun texto.

Despois de punto escíbese sempre con maiúscula.

1 Escribe de que tipo de punto se trata.

Ninguén é perfecto

O meu deporte favorito é o fútbol. Practícoo na escola, na rúa e tamén na casa.

Tamén me gustan xogar ao tenis e ao pimpón.

Agora ben, non son tan destro coas mans coma cos pés. Por iso, meu irmán sempre quere xogar comigo ao pimpón. Así sempre me gaña.

2 Este texto ten tres oracións. Cópiaas poñendo os puntos e as maiúsculas que faltan.

Chámome Pepa e son de Boiro a miña vila está situada na comarca do Barbanza é un lugar estupendo cunhas fantásticas praias.

As plantas

Nome _____

Data _____

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

árbore
arbusto

raíz
flor

espiñento
frondoso



Os substantivos

Nome _____

Data _____

Lembra

Para nomear persoas, animais e cousas utilizamos os **substantivos**.

- Os **substantivos comúns** nomean persoas, animais ou cousas de forma xeral.
- Os **substantivos propios** nomean unha persoa concreta, un animal concreto ou unha cousa concreta.

1 Pinta as palabras que sexan substantivos.

non neno cunca caderno por Anía

vaixela Saleta o falaba terra

Mico bonito camisa mar xa Xosé

2 Arrodea de vermello os substantivos comúns e de verde os substantivos propios.

- Antón ten un coello que se chama Piñón.
- Mañá iremos de excursión á aldea do avó de Clara.
- Antela é o nome dunha lagoa e tamén o da miña fía.
- Virás a semana que vén pescar ao Ulla?



3 Escribe tres nomes propios máis de cada tipo.

Cidades Ourense _____

Persoas Alberte _____

Animais Lúa _____

Signos de interrogación e admiración

Nome _____ Data _____

Lembra

- O **signo de interrogación (?)**ponse ao final dunha pregunta.
- O **signo de admiración (!)**ponse ao final dunha exclamación.

1 Completa os globos co signo axeitado.



2 Escribe preguntas para estas respostas.



3 Agora escribe dúas preguntas e dúas exclamacións a partir desta imaxe.



A noite

Nome _____

Data _____

REFORZO

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

lúa
cometa

lanterna
farol

bufo
morcego



O xénero dos substantivos

Nome _____

Data _____

Lembra

Os substantivos teñen **xénero**: poden ser **masculinos** ou **femininos**.

Hai substantivos que teñen unha forma para o masculino e outra para o feminino.

O feminino dos substantivos adoita formarse así:

- Engadindo un **-a** á forma do masculino.
- Cambiando o **-o** ou o **-e** do masculino por **-a**.

1 Fíxate no debuxo e completa a descrición con estes substantivos.

casa • balcón • avoa • ventá • piso • porta • aroma • reixa • xasmín



A casa da avoa

A _____ da _____
ten unha _____ grande de madeira.

A _____ da planta baixa ten
unha _____. No _____ de arriba
hai un _____ onde a miña avoa ten
un _____ enorme que no verán
desprende un _____ delicioso.

2 Copia os substantivos da actividade anterior onde corresponda.

Son substantivos masculinos

Son substantivos femininos

Palabras con mb e mp

Nome _____

Data _____

REFORZO

Lembra

Diante de **b** e **p** escríbese sempre **m**.

1 Localiza na sopa de letras as palabras representadas e escríbeas onde corresponda.

Word search grid:

O	L	I	V	H	E	M	P	M	T	M	
C	A	N	T	I	M	P	L	O	R	A	
I	M	Ñ	R	C	O	E	T	R	O	T	
Q	B	O	M	B	E	I	R	O	M	C	
U	U	O	D	C	L	V	A	T	P	A	
E	L	S	I	A	M	G	I	C	E	M	
C	O	M	P	Á	S	A	C	O	T	P	
L	N	O	T	L	E	A	B	M	A	Á	
H	A	M	B	U	R	G	U	E	S	A	
A	I	T	A	M	B	O	R	A	A	N	
B	A	M	B	U	L	A	N	C	I	A	

Con **mb** _____

Con **mp** _____

2 Completa con *n* ou *m*.

- ca___bio
- i___posible
- aca___pada
- i___verno
- co___vite
- e___panada
- e___pezar
- e___vase
- e___bude
- i___vitación
- co___versa
- a___plo

A auga

Nome _____


Data _____

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

poza
lago

salgada
potable

beber
lavar



O número dos substantivos

Nome _____

Data _____

Lembra

Os substantivos teñen **número**: poden estar en **singular** ou en **plural**.

- Os substantivos en singular nomean un só ser ou obxecto.
- Os substantivos en plural nomean varios seres ou obxectos.

En xeral, o plural dos substantivos fórmase engadindo **-s** ou **-es** ao singular.

Algúns substantivos teñen a mesma forma en singular e en plural.

1 Completa a descrición con estes substantivos.

irmán • ollos • mans • anos • boca • balón • cabelos • nariz • coches • avós

O meu irmán Miguel

O meu _____ Miguel ten dous _____.

Ten os _____ de cor verde e os _____

rizos e castaños. O _____ é coma unha boliña

pequena e a _____ sempre a ten ben aberta.

É un comellón, por iso ten as _____ tan

regordechas. Gústalle xogar cos _____

e tamén co _____ que lle regalaron os _____



2 Copia os substantivos da actividade anterior onde corresponda.

Son substantivos en singular

Son substantivos en plural

Palabras con br e bl

Nome _____

Data _____

Lembra

Diante de **r** e **l** escíbese **b**.

1 Completa con *br* ou *bl*. Ten en conta as maiúsculas dos nomes de persoa.

- Alá polo mes de a_____il, _____ais e _____íxida irán de viaxe ao _____asil.
- _____aulio vive naquel _____oque de vivendas de cor _____anca.
- En decem_____o, a bi_____ioteca estará aberta tamén os sábados.
- O ca_____e do televisor pasa por detrás do mo_____e.

2 Escribe o nome da palabra que corresponde a cada definición. Fíxate no modelo.

- Aquilo que nos desagrada dise que é *desagradable*.
- De quen nos atende con amabilidade dicimos que é _____.
- O que se pode mellorar é _____.
- O que non se pode ver é _____.

3 Escribe oracións coas palabras que representan estes debuxos.





O tempo

Nome _____

Data _____


REFORZO

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

raio
sarabia

paraugas
termómetro

impermeable
sombreiro



O artigo

Nome _____ Data _____

Lembra

Os **artigos** son palabras que van diante dos substantivos e serven para concretalos ou determinalos. Os artigos poden ser determinados e indeterminados.

As formas do **artigo determinado** son **o, a, os, as**.

As formas do **artigo indeterminado** son **un, unha, uns, unhas**.

1 Arrodea os artigos destas oracións seguindo o código.

determinados

indeterminados

- O xornalista di que tardará unhas semanas en acabar o libro.
- Os curmáns de Paulo van a unha escola moi grande.
- Uns compañeiros de cuarto dixeron que a mestra de inglés non veu.
- As plantas daquel testo teñen unhas flores preciosas.
- A directora quere que organicemos unha semana cultural.

2 Completa cos artigos que falten.

a • os • unha • o • as • uns • os • o • a • os • a



O meu aniversario

Hoxe comeza _____ primavera e celebro _____ aniversario.
 _____ meus pais prepararon _____ garaxe para facer
 _____ festa. Virán todos _____ amigos e _____ amigas da
 escola e tamén _____ compañeiros de fútbol. _____ torta
 é de chocolate e nata e fíxoaa _____ avoa. Seguro que ha
 estar para chuchar _____ dedos!

A partición de palabras

Nome _____

Data _____


REFORZO

Lembra

Cando unha palabra non cabe ao final da liña, témola que partir. Poñemos un **guión (-)** para indicar que continúa na liña seguinte.

Lembra que as vogais dun ditongo non se poden separar ao final da liña porque son da mesma sílaba. Tampouco se poden separar os dígrafos *ch, gu, ll, nh, qu* e *rr*.

1 Fíxate en como se partiron estas palabras ao final da liña. Risca as que estean mal e escribe a partición correcta.



2 Escribe as posibilidades de partición de palabras ao final da liña. Observa o exemplo.

- científico ► cien-tífico cientí-fico científi-co
- pexegueiro ► _____
- mexillón ► _____
- chícharo ► _____
- público ► _____
- aire ► _____

A oficina de turismo

Nome _____


Data _____

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

guía
turista

plano
folleto

deserto
praia



Os posesivos

Nome _____

Data _____

Lembra

Os **posesivos** son as palabras que indican a que persoa ou persoas pertence un ser ou un obxecto. Os posesivos van no mesmo xénero e número ca os substantivos a que se refiren e adoitan levar o artigo diante.

1 Relaciona cada posesivo co artigo que pode levar diante.

meu	os	miñas	a
teus	a	túa	as
súa	o	seus	os

(Note: Dotted lines connect 'meu' to 'o' and 'súa' to 'a'.)

2 Arrodea os posesivos deste texto e clasifícaa.



Que sorte!

Meu irmán e mais eu compartimos cuarto. Hoxe trouxo á súa amiga Iria á casa para facer un traballo sobre os golfinhos.

E como o noso cuarto sempre está desordenado, a mamá puxo o grito no ceo:

–Alberte! Viches como está o teu cuarto?

E é que os seus trastes e o seu calzado cubrían todo o chan.

–Vosa nai ten razón –dixo Iria–. Sodes un pouco desordenados.

Ai, veña, axúdvos a recoller.

Que sorte ten Alberte! Ao final Iria e mais eu fixémoslle o traballo...

De 1.ª persoa

De 2.ª persoa

De 3.ª persoa

A coma

Nome _____ Data _____

Lembra

Escribimos **coma** (,) para separar os elementos dunha enumeración.

Ao ler, cando chegamos a unha coma, facemos unha pequena pausa.

- 1** Completa en cada caso coas palabras que correspondan. Pon as comas que precisas para separar os elementos de cada enumeración.



- Para facer a tortilla precisas _____
_____ e tamén un chisco de sal.
- Para ir á piscina mefín na mochila _____
_____ e _____ pero esquecín o traxe de baño.

- 2** Escribe unha oración enumerando as pezas de vestir que levas postas agora.

- 3** Copia cada oración poñendo as comas que faltan.

- No equipo estabamos Minia Lolo Noa Xián e mais eu.

- Ordenei os xoguetes a roupa o calzado e os libros.

Os materiais

Nome _____


Data _____

REFORZO

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

ferro madeira
cristal

duro fráxil
lixeiro



Os demostrativos

Nome _____ Data _____


REFORZO

Lembra

Os **demostrativos** son as palabras que indican a distancia que hai entre a persoa que fala e os seres ou os obxectos a que se refire. Os demostrativos van no mesmo xénero e número ca os substantivos a que se refiren.

1 Arrodea os demostrativos.

Esta gorra é de Martiño e este pau é meu.
Esa pelota é de Mariña e esas raquetas son de Xoán.
Aqueles balóns son de Xela.



2 Fixate na ilustración anterior e completa coas palabras propostas.

- A gorra está _____ de quen fala.
- A pelota non está nin _____ nin _____ de quen fala.
- Os balóns están _____ de quen fala.
- As raquetas non están nin _____ nin _____ de quen fala.
- O pau de golf está _____ de quen fala.

preto

lonxe

3 Completa cos demostrativos que faltan.

		Preto	Nin preto nin lonxe	Lonxe
Singular	Masculino	este		
	Feminino			aquela
Plural	Masculino		eses	
	Feminino	estas		

Palabras con h

Nome _____


Data _____

Lembra

Escíbense con **h**:

- Todas as formas do verbo *haber*.
- Moitas palabras como *home, herba, harmonía, historia, hoxe, hórreo...*

1 Escribe o nome que corresponda debaixo de cada debuxo. Todos levan *h*.



2 Completa cada oración coa forma do verbo *haber* que vaia ben.

hai
había
haberá
haxa

- Aquel día _____ moita xente no parque.
- Na miña vila _____ un xardíns moi bonitos.
- Cando _____ máis xente, traeremos máis cadeiras.
- Para o ano _____ que pintar o cuarto.

3 Escolle a palabra correcta para completar cada oración.

inverno/hinverno

Este _____ está chovendo moi pouco.

cacauetes/cacahuetes

Ao papagaio gústalle os _____

óso/hóso

Aquel can non para de roer no seu _____

As persoas e a paisaxe

Nome _____


Data _____

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

serra
acantilado

ponte
túnel

asfaltar
urbanizar



Nome _____

Data _____

Lembra

Os **adxectivos** son as palabras que nos din como son ou como están as persoas, os animais ou as cousas.

Os adxectivos sempre se refiren a un substantivo e van no mesmo **xénero** e **número** ca o substantivo que acompañan.

1 Arrodea os adxectivos desta descrición.**A miña amiga Paula**

Paula é unha rapaza moi tranquila. Sempre está leda porque sabe ver o lado bo das cousas. Os seus ollos son grandes e redondos coma as laranxas. E claro, a súa mirada é alegre. Se algún día vexo a Paula enfadada, non a hei recoñecer.

2 Subliña os erros destas oracións e escríbeas correctamente.

- O xersei novos é demasiado grosos.

- Os brazos longo de papá abrázanme cando teño medo.

- A miña curmá francés virá este verán.

3 Completa a oración con todos os adxectivos que se che ocorran.

- O can de Cibrán é _____



Palabras con b

Nome _____ Data _____

Lembra

O son B de *vila* pode escribirse coas letras **b** e **v**. Escríbense con **b**:

- As palabras que comezan por **bu**, **bur** e **bus**.
- As palabras *árbore*, *abelá*, *automóbil*, *bolboreta*, *marabilla*, *néboa*, *polbo*, *ribeira*, *sarabia*...

1 Completa a táboa con dúas palabras que comecen por cada sílaba.

bu	bus	bur

2 Arrodea a sílaba inicial de cada palabra e con esas sílabas forma outra palabra.

árbitro botella
 reloxo

cabelo batalla
 zapato

bolsa botella
 reloxo tabán

3 Completa estas oracións coas palabras anteriores.

- Na _____ do xardín había dúas _____ amarelas.
- A min gústame moito a crema de _____.

4 Escribe unha oración con cada palabra.

marabilla ► _____

polbo ► _____

A rúa

Nome _____

Data _____

REFORZO

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

papeleira
caixa do correo

rañaceos
bloque de pisos

polideportivo
parque



Os pronomes persoais

Nome _____ Data _____

Lembra

Os **pronomes persoais** son as palabras que serven para nomear as persoas sen dicir o seu nome.

As palabras **eu, ti, el, ela, nós, vós, eles e elas** son pronomes persoais

1 Subliña os pronomes persoais deste texto.

Apúntaste a baloncesto?

Nuno é o meu veciño. El quería que eu o acompañase ao polideportivo para apuntarse no equipo de baloncesto. Quedamos en ir ás sete, despois da miña clase de piano.

–Ti queres vir? –pregunteille a Alba, por se ela tamén quería ir.

–Non, xa sabes que non me gusta tanto o deporte coma a vós.



2 Escribe estas oracións cambiando as palabras destacadas polo pronome axeitado.

nós • ela • vós • eles • ti • elas

- **Pedro e mais eu** iremos de vacacións á praia. A onde iredes **María e mais ti**?

- Carmela toca o saxo. **Carmela** tamén toca o violín.

- **Xandra e Marta** queren que **Paulo e Martiño** veñan axiña.

- **Ícía**, se queres ir á casa da avoa, tes que bulir!

Palabras con v

Nome _____

Data _____

REFORZO

Lembra

Escíbense con **v**:

- Os verbos *ver, vir, vivir e volver*, e as palabras da mesma familia.
- As palabras *avó, vasoira, voda, vermello, garavanzo, verza, avogado, chuvia...*

1 Busca no cadro as sílabas que che cõmpren para escribir cada palabra definida.

		VI		
	VE	A	VA	
VUL	SOI	LEI	TO	VO
	ÑA	A	RO	
		RA		

- Barco de vela. ▶ _____
- Terreo con vides. ▶ _____
- A nai do pai ou de túa nai. ▶ _____
- Instrumento usado para varrer. ▶ _____
- O que sae para fóra da superficie. ▶ _____

2 Completa os verbos destas oracións coa letra que falta.

- Xela con ____i____ía con outros estudantes nunha residencia.
- Todos os habitantes da aldea sobre ____i____iron ao terremoto.
- Manuel de ____ol____eume o libro que lle emprestei.
- O dependente en ____ol____eu o regalo nun papel de cores brillantes.
- O gato meteuse no armario e re ____ol____eu toda a roupa.

3 Busca entre as formas verbais que completaches as que están relacionadas con estes verbos.

- vivir ▶ _____
- volver ▶ _____

Os traballos

Nome _____


Data _____

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

ferreiro
carpinteiro

cravar
soldar

pinxel
serra



Nome _____

Data _____

Lembra

Os **verbos** son palabras que expresan accións. Cada verbo ten diferentes formas verbais. O conxunto das formas dun verbo é a súa **conxugación**.

A forma que utilizamos para nomear o verbo é o **infinitivo**.

1 Subliña os verbos deste texto.**Unha excursión xenial**

A semana pasada fomos de excursión a Tui, a ver a catedral e o barrio antigo. A vila ten unhas rúas estreitas con casas antigas e ás veces parece que esteas noutra época. Martiño e Luísa fixeron moitas fotos e quedaron en que nolas pasarían pola Internet. No camiño de volta durmimos case todo o tempo, estabamos tan cansos... Foi unha excursión xenial!

**2 Escribe o que fai cada personaxe. Usa o infinitivo.**

3 Escribe o que fixeches onte despois do colexio e arrodea os verbos que uses.

Palabras con x e con s

Nome _____ Data _____

Lembra

A letra **x** ten dous sons distintos:


- Ten o son (**ks**) coma en *taxi* nas palabras *galaxia, saxofón, existir, auxilio, experimento, máximo, excursión, exame...*
- Ten o son (**xe**) coma en *xeo* nas palabras *hoxe, viaxe, axóuxere, debuxo, páxina, xabón, xarope, Xulia, xuño, xoaniña...*

1 Ordena as letras e escribe o nome destes elementos.



L I S A X O R ► _____

_____ ◀ A U Ó X E X R E



2 Le e arrodea de azul a letra x que pronuncias ks.

Preto do éxito

O científico dispúxose a realizar o sexto intento. Examinou as súas notas, preparou a mestura exacta, axitou o tubo de ensaio e agardou. Estaba seguro de que, esta vez, o experimento sairía: o máximo xabón con burbullas musicais axiña sería unha realidade.



3 Completa con x ou s. Ten en conta as maiúsculas nos nomes propios!

- O ___ogador de teni___ le___ionouse no ___eonllo.
- ___ulio ___ubiu pola e___caleira, mentres que U___ío bai___aba polo a___censor.
- O avó de ___ermán era ta___ista pero ___ubilou___e en ___aneiro.
- A carón da porta do gara___e naceu un ___a___mín.

As máquinas

Nome _____

Data _____


REFORZO

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

forno
ordenador

depósito
enchufe

empaquetar
cargar



Nome _____

Data _____

Lembra


As formas verbais expresan accións que pasan no tempo. Estas accións poden suceder no **pasado**, no **presente** ou no **futuro**.

1 Subliña os verbos deste texto.

O galo e a galiña

O galo e a galiña
estaban no balcón,
a galiña durmía
e o galo cantou.

–Ai, pero... que fas?
Que a todos espertarás!
–Así saberán que feliz son
e que canto ao meu amor.



2 Clasifica os verbos anteriores onde corresponda.

Presente			
Pasado			
Futuro			

3 Transforma estas oracións.



Hoxe adestrámonos ás 7.

Mañá _____

A semana pasada fomos ao teatro.

Hoxe _____



O mércores xogaremos un partido de tenis.

Onte _____

Palabras con x e con ll

Nome _____

Data _____

REFORZO

Lembra

Cómpre non confundir algunhas palabras galegas coas súas equivalentes en castelán. Hai palabras que en castelán levan j e en galego teñen x, como ocorre con *xogo*, pero non sempre é así.

Teñen ll (non x) palabras como *espello, coello, lentella, estropallo, ovella, parella, palla, vasilla...*


1 Resolve o encrucillado. Todas son palabras con ll.

Verticais

1. Bordo con pelos por riba dos ollos.
2. Legume moi pequeno e redondo de cor castaña.
3. Órgano da vista

Horizontais

4. Obxecto en que te ves reflectido.
5. Peza con que se fai o tellado.
6. Dúas persoas, animais ou cousas.



2 Completa con x ou ll. Ten en conta que as palabras da mesma familia conservan a grafía.

burbu__a

burbu__ar

conse__o

conse__eiro

espon__a

espon__oso

rei__a

enrei__ar

3 Escribe agora ti unha palabra da mesma familia destas.

• orella ► _____

• proxecto ► _____

O castelo

Nome _____

Data _____

1 Escribe onde corresponda seguindo o código.

torre
muralla

cabaleiro
rei

loitar
bailar

